



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Medicións acústicas na edificación		Código	670G01040
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Física e Ciencias da Terra			
Coordinación	Segade Zas, Luisa Maria	Correo electrónico	luisa.segade@udc.es	
Profesorado	Nogueira Lopez, Pedro Fernando	Correo electrónico	pedro.nogueira@udc.es	
	Segade Zas, Luisa Maria		luisa.segade@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A Acústica é unha parte da Física que trata da produción, transmisión, recepción, audición e control do son. Se ben o seu interese no ámbito da Edificación vén de antigo, na actualidade fíxose patente no marco normativo actual. Así neste sentido, o Código Técnico da Edificación establece regras e procedementos que permiten cumprir as esixencias básicas de protección fronte ao ruído. O obxectivo principal da materia Medicións Acústicas na Edificación consiste en formar ao alumno na disciplina da Acústica, de modo que adquira os fundamentos teóricos e prácticos básicos e necesarios para a súa práctica profesional tendo en conta a lexislación vixente.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión maxistral - Seminario - Traballo tutelado - Proba obxectiva *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado ? Correo electrónico: diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: semanalmente. Utilizarase principalmente como soporte de materiais dixitalizados, para efectuar as entregas dos traballos tutelados, para a realización da proba obxectiva e como medio de comunicación. ? Teams: semanalmente. En horario de titorías, preferentemente, para facer un seguimento e apoio na realización do traballo do estudante. 4. Modificacións na avaliación Non se contempla ningunha modificación, salvo a realización das probas obxectivas de forma telemática. *Observacións de avaliación: Non hai cambios. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Poñerase a disposición dos estudantes materiais dixitalizados na plataforma Moodle que palíen a non presencialidade e a imposibilidade de acceder á biblioteca.
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer conceptos básicos de Acústica.	A1		
Saber relacionar conceptos de Acústica coa Arquitectura Técnica.	A9	B5	
	A35	B16	
Capacidade de resolución de problemas derivados das súas actividades profesionais sobre a base dos coñecementos adquiridos na materia.	A9	B4	C1
	A29	B5	C3
	A35	B6	
		B16	
Comprender e valorar a importancia dos coñecementos básicos adquiridos na materia como unha ferramenta útil para o seu desenvolvemento na profesión.		B8	C5
		B29	C6
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas



Introdución	Cadea de comunicación acústica M.A.S. e M.O. Leis básicas do son
Enxeñaría acústica	Acústica fisiolóxica Acústica física Acústica arquitectónica Acústica xeométrica Difusión sonora Fontes sonoras
Acondicionamento acústico	Materiais acústicos Normativa
Illamento acústico	Introdución ao illamento acústico. Illamento acústico a ruído aéreo en edificación. Índices de Illamento. Comportamento acústico dos sistemas construtivos. Illamento acústico "in situ". Recomendacións de actuación en edificación. Protección acústica da envolvente do edificio fronte ao ruído exterior. Ruído de instalacións. Ruído de impactos e o seu illamento.
Avaliación e xestión do ruído ambiental	Introdución e aspectos xerais. Niveis de perturbación por ruído. Calidade acústica ambiental.
Lexislación e normativas.	Lexislación e normativas. Documento básico HR Protección fronte ao Ruído. Informe de Avaliación do Edificio (IEE). Parte IV Acústica-Protección contra o ruído
Medicións acústicas	Equipos de medida Medidas de ruído ambiental Medidas do illamento Medidas de parámetros acústicos en recintos Medidas de absorción acústica en materiais Informes e fichas de cumprimento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A9 A35 B29 C5 C6 C8	21	32.97	53.97
Seminario	A1 A29 A35 B4 B5 B6 B8 B16 B29 C1 C3	21	63	84
Traballos tutelados	A1 A9 A35 B4 B5 B6 B8 B16 C1 C3	3.5	4	7.5
Proba obxectiva	A1 A9 A35 B5 B6 B16 C1	1.5	0	1.5
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación dos conceptos e leis asociados aos fundamentos da Acústica.
Seminario	Resolución de exercicios de xeito participativo e manexo de instrumentos de medida.



Traballos tutelados	Realización de varios traballos nos que se busca que o alumno desenvolva de forma autónoma algunha actividade que previamente fixera durante os seminarios. O profesor fará un seguimento da progresión do alumno.
Proba obxectiva	Con esta proba búscase que o alumno responda por escrito cuestións teórico-prácticas valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.). Implica un estudo amplo e profundo dos contidos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O obxectivo fundamental será a realización dun seguimento da comprensión da materia por parte dos alumnos. Resolveranse as dúbidas formuladas e cuestións prácticas entregadas aos alumnos. ALUMNOS A TEMPO PARCIAL: os alumnos que se acollan á modalidade de matrícula a tempo parcial recibirán unha orientación específica para planificar as súas tarefas de xeito semanal.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A9 A35 B5 B6 B16 C1	Na modalidade de avaliación continua, realizarase unha proba obxectiva parcial en datas do período de actividade académica docente e que supoñerá un 35% da cualificación global. En caso de seguir a modalidade de avaliación final, a avaliación consistirá exclusivamente nunha proba obxectiva que terá lugar nas oportunidades oficiais de xuño e xullo e que supoñerán o 100% da cualificación.	35
Traballos tutelados	A1 A9 A35 B4 B5 B6 B8 B16 C1 C3	No que denominamos modalidade de avaliación continua, realizarase un seguimento das actividades propostas desenvoltas individualmente ou en pequenos grupos. desenvoladas individualmente ou en pequenos grupos.	65

Observacións avaliación
O alumno poderá ser avaliado de dous modos diferentes: ou ben a través dunha "avaliación continua" ou ben a través dunha "avaliación final".A) AVALIACIÓN CONTINUA.O traballo do alumno será avaliado de forma continua a través dos traballos tutelados propostos e a través da resolución de cuestións, problemas e casos prácticos expostos na proba obxectiva parcial. Así, a avaliación poderase desagregar do seguinte modo: A1) Proba obxectiva parcial (máximo 3,5 puntos): realizarase unha proba obxectiva parcial ao longo do curso que supoñerá unha puntuación máxima de 3,5 puntos. Será requisito alcanzar un mínimo de 1 punto na proba xa que de non facelo o alumno perderá a posibilidade de seguir a modalidade de avaliación continua.A2) Traballos tutelados propostos (máximo 6,5 puntos): expóranse durante as sesións de seminario. Para seguir a modalidade de avaliación continua, será requisito indispensable a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de docencia interactiva ou expositiva.Aqueles alumnos que a través destes apartados cumpran os requisitos mínimos e alcancen un mínimo de 5 puntos, aprobarían a materia. En caso contrario, poderán acollerse á modalidade de avaliación final.B) AVALIACIÓN FINAL. Calquera alumno (tanto con matrícula ordinaria como con matrícula a tempo parcial) terá dereito a seguir a avaliación final, aínda que inicialmente optase por realizar a avaliación continua. Esta avaliación terá en conta unicamente o resultado obtido na realización dunha proba obxectiva dos contidos de toda a materia. A nota recibida neste exame supoñerá o 100 % da cualificación da materia e conseguirase o aprobado ao alcanzar un mínimo de 5 puntos. Esta proba obxectiva coincidirá coas oportunidades oficiais de xuño e xullo. A cualificación de ?Non Presentado? figuraralle a aqueles alumnos que, non aprobando seguindo a modalidade de avaliación continua, non se presenten á proba final das correspondentes oportunidades oficiais.



Fontes de información

- | | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Rodríguez Rodríguez, Francisco José (2008). Guía acústica de la construcción. Madrid : CIE-Dossat- Avilés López, Rodrigo; Perera Martín, Rocío (2017). Manual de acústica ambiental y arquitectónica. Paraninfo- (2007). BOE numero 254 de 23/10/2007: RD 1371/2007 de 19 de octubre, por el que se aprueba el documento básico &quot;DB-HR Protección frente al ruido&quot; del Código Técnico de la Edificación y se modifica .- Valero Granados, Santiago (2011). Acústica aplicada al interiorismo : [acondicionamiento acústico en locales de uso público]. [Barcelona] : Arquifon- Bartí Domingo, Robert (2010). Acústica medioambiental. San Vicente (Alicante) : Editorial Club Universitario- (2009). Acústica ambiental : análisis, legislación y soluciones. Madrid : Sociedad Española de Acústica- Arau, Higinio (1999). ABC de la acústica arquitectónica. Barcelona : Ceac- García-Rebull Salgado, José Fernando (). Física y tecnología del sonido. Santiago : Tórculo |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas I [En extinción]/670G01001
Matemáticas II [En extinción]/670G01006
Física Aplicada II [En extinción]/670G01007

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías